

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2017/2018

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0060	Teleemerxencias	2017/2018	0	80	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	VERÓNICA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SONIA PÉREZ SIEIRA (Subst.)
Outro profesorado	SONIA PÉREZ SIEIRA

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Utiliza sistemas xestores de despacho de centros coordinadores de emerxencia, e identifica as funcións e os elementos do sistema.
RA2 - Establece a comunicación nun sistema de transmisión integrado, e describe os elementos do proceso de comunicación interpersonal.
RA3 - Recibe demandas de emerxencia empregando o proceso de recepción protocolizado.
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os obxectivos dun centro coordinador de emerxencias.
CA1.2 Enumeráronse os elementos que compoñen un centro de coordinación.
CA1.3 Clasifícanse os tipos de recursos de que dispón unha central de coordinación.
CA1.4 Analizáronse e valoráronse as características específicas e as diferenzas dun centro de regulación integrado (112) e dun centro de regulación médica (061).
CA1.5 Defínense as funcións e os elementos dun sistema de despacho para xestión de centros coordinadores de emerxencias.
CA1.6 Identifícanse as plataformas tecnolóxicas existentes.
CA1.7 Manéxase o sistema de despacho do centro coordinador segundo protocolos establecidos.
CA1.8 Realízase a conexión, a comprobación das comunicacións entre postos e a saída do sistema.
CA1.9 Valoráronse as advertencias do sistema recibidas e actuouse en consecuencia.
CA2.1 Descríbense as canles de comunicación.
CA2.2 Descríbense as barreiras que dificultan o proceso de comunicación en radiocomunicación e transmisión radiofónica.
CA2.3 Clasifícanse os medios de transmisión atendendo ás súas características.
CA2.4 Descríbense os tipos de onda e os elementos dunha estación de radio.
CA2.5 Defínese a linguaxe radiofónica e a comunicación verbal e paraverbal, a través de medios non presenciais.
CA2.6 Utilízanse técnicas de recepción de mensaxes orais, de comunicación e de interrogatorio.
CA2.7 Establecese comunicación a través da radio empregando de forma adecuada a linguaxe e as normas de comunicación.
CA2.8 Establecéronse comunicacións a través dun sistema de transmisión integrado.
CA2.9 Arranxáronse problemas básicos xurdidos nun sistema de transmisión.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.10 Fíxose o mantemento e actualizáronse os elementos de apoio informativo da central de comunicacións.
CA3.1 Descríbóronse os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
CA3.2 Descríbiuse a estrutura e os campos dun formulario informático de demanda.
CA3.3 Identifica os datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.
CA3.4 Identifícanse os demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc.
CA3.5 Xerouse unha demanda de emerxencia seguindo o algoritmo do sistema xestor.
CA3.6 Localízouse o enderezo da demanda utilizando os sistemas cartográficos.
CA3.7 Clasifícanse os tipos de demanda de emerxencias consonte un algoritmo de decisións.
CA3.8 Formalizáronse os formularios de xestión de demanda de emerxencias empregando as TIC.
CA3.9 Categorizáronse as demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.
CA3.10 Comprobase que o sistema xestor reconduza a demanda segundo o protocolo establecido.
CA4.1 Categorizouse a demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
CA4.2 Formalizouse o formulario correspondente no sistema xestor.
CA4.3 Descríbóronse os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.
CA4.4 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda.
CA4.5 Identificouse o recurso asistencial máis adecuado para dar resposta á demanda sanitaria.
CA4.6 Realizouse o seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.
CA4.7 Verificouse a formalización do formulario informático no sistema xestor ao remate da asistencia.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Utiliza sistemas xestores de despacho de centros coordinadores de emerxencia, e identifica as funcións e os elementos do sistema.
RA3 - Recibe demandas de emerxencia empregando o proceso de recepción protocolizado.
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
--------------------------------------



Crterios de avaliación do currículo
CA1.7 Manexouse o sistema de despacho do centro coordinador segundo protocolos establecidos.
CA3.1 Descríbóronse os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
CA3.3 Identifica os datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.
CA3.4 Identifícanse os demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc.
CA3.5 Xerouse unha demanda de emerxencia seguindo o algoritmo do sistema xestor.
CA3.6 Localízouse o enderezo da demanda utilizando os sistemas cartográficos.
CA3.8 Formalizáronse os formularios de xestión de demanda de emerxencias empregando as TIC.
CA3.9 Categorizáronse as demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.
CA4.1 Categorizouse a demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
CA4.2 Formalizouse o formulario correspondente no sistema xestor.
CA4.3 Descríbóronse os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.
CA4.4 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda.
CA4.5 Identifícase o recurso asistencial máis adecuado para dar resposta á demanda sanitaria.
CA4.6 Realízouse o seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.
CA4.7 Verificouse a formalización do formulario informático no sistema xestor ao remate da asistencia.

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### MÍNIMOS EXIXIBLES:

Serán a totalidade de criterios indicados no currículo do ciclo medio de Emerxencias sanitarias (Decreto 216/2008 e Decreto 38/2010) para o módulo de Teleemerxencias.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Cada alumno e alumna terá que presentarse a unha proba que consta de dúas partes.
  - A primeira parte da proba é de carácter eliminatorio. Consiste nun cuestionario con VINTECINCO preguntas de tipo test (poderán incluírse imaxes, táboas, gráficas, capturas de pantalla...) con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, e/ou preguntas de resposta curta. Cada pregunta correcta valorárase con 0,4 puntos. Por cada resposta errónea anularáanse dúas correctas. As preguntas sen contestar non serán contabilizadas. Para aprobar haberá que acadar unha puntuación mínima de CINCO puntos, logo de descontar os erros.
  - A segunda parte da proba tamén é de carácter eliminatorio. Consiste na realización dunha proba escrita con CINCO casos prácticos. Cada resposta correcta sumará DOUS puntos e para aprobar haberá que acadar un mínimo de SEIS puntos (é dicir, responder correctamente como mínimo a tres preguntas).
  - A cualificación final estará comprendida entre 1 e 10, sen decimais, e será, no caso de superar as dúas probas, o resultado da media aritmética dos resultados de ambas partes.
- Tendo isto en conta, se a nota resultante, (sempre que sexa superior a 5 puntos), contén decimais, aplicaráselle o redondeo matemático, de tal xeito que:



As puntuacións con decimal inferior a 5, redondéanse á baixa. Por exemplo: 6,4 redondearíase a 6.

As puntuacións con decimal igual ou superior a 5, redondéanse á alza. Por exemplo: 6,5 redondearíase a 7.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

###### INSTRUCCIÓNS XERAIS:

- Rógase máxima puntualidade. Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.

###### CARACTERÍSTICAS DA PRIMEIRA PARTE DA PROBA:

- Proba escrita de contidos eminentemente teóricos.
- Consistirá en VINTECINCO preguntas tipo test con catro alternativas de resposta (poderán incluírse imaxes, táboas, gráficas, capturas de pantalla...), sendo só unha delas correcta e/ou preguntas de resposta curta, e elaboradas a partir dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe, facilitada ao alumnado nun documento impreso que non poderá ser desgrapado nin incorporar ó mesmo documentos alleos ao proceso.
- Cada pregunta correcta valorarase con 0,4 puntos. Por cada resposta errónea anularáanse dúas correctas. As preguntas sen contestar non se contabilizarán.
- Cada alumno e alumna disporá de 50 minutos para a súa realización.
- Para poder presentarse á segunda parte da proba, cada alumno e alumna terá que aprobar esta primeira parte.
- Para aprobar haberá que acadar unha puntuación mínima de CINCO puntos, logo de descontar os erros.

##### 4.b) Segunda parte da proba

###### INSTRUCCIÓNS XERAIS:

- Rógase máxima puntualidade. Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do/a alumno/a.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.



- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul/negro ou ordenador en rede con sistema operativo e aplicacións ofimáticas, proporcionado polo centro (segundo dispoñibilidade).

**CARACTERÍSTICAS DA SEGUNDA PARTE DA PROBA:**

- Proba escrita que consistirá en CINCO supostos prácticos elaborados a partires dos contidos eminentemente prácticos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe, facilitada ao alumnado nun documento impreso que non poderá ser desgrapado nin incorporar ó mesmo documentos alleos ao proceso.
- Valorarase a exactitude, orde, coherencia, pertinencia, aplicabilidade, eficiencia, coidado dos recursos...
- Cada resposta correcta sumará DOUS puntos e para aprobar haberá que acadar un mínimo de SEIS puntos (é dicir, responder correctamente como mínimo a tres preguntas).
- Cada alumno e alumna disporá dun máximo de 50 minutos para a realización desta proba.